

## CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O LABORATORIO GALÁPAGOS BIOPHARMA SPAIN, S.L.U., PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE SANITARIO EN MATERIA DE FORMACIÓN, INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou en data 25.04.2022 co laboratorio GALÁPAGOS BIOPHARMA SPAIN, S.L.U., o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia de catro anos a contar dende a súa sinatura, podendo acordarse a súa prórroga de conformidade co artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o ámbito das relacións de colaboración entre as partes asinantes para a promoción da investigación e a formación orientadas á mellora da atención sanitaria, a través da promoción da investigación, a formación, a innovación ou a realización de estudos e intercambio de coñecemento científico e técnico. É por iso polo que, para a materialización dos proxectos que se desenvolvan a raíz deste convenio marco, deberán asinarse os acordos ou convenios específicos de colaboración que sexan procedentes, nos que se indicarán o obxecto e aspectos técnicos dos proxectos; aspectos xurídicos, temporais e de vixencia dos mesmos; réxime das obrigas económicas, as cales non poderán comprometer en ningún caso ao Servizo Galego de Saúde.

A formalización do convenio non supón incremento de gasto para o Servizo Galego de Saúde.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. Unha das súas finalidades é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención, coa implicación de todos os axentes dos sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral, sendo tamén prioritarios os obxectivos da investigación, innovación e formación nas distintas áreas de saúde e atención aos pacientes. Neste contexto, está interesada en por en marcha e/ou apoiar proxectos que poidan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes, así como promover e colaborar en proxectos de investigación e formación dos profesionais que contribúan a mellorar o nivel de competencia profesional.

Galápagos, pola súa banda, é un laboratorio farmacéutico adicado á investigación e comercialización de produtos farmacéuticos que desenvolve produtos e servizos innovadores na área da saúde e da atención a pacientes, e neste contexto está interesado en por en marcha e apoiar proxectos que podan mellorar as condicións clínicas e de calidade de vida dos pacientes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

